

# PRÓXIMA

Alice Winocour, 2019

# 619

ESTREA EN NUMAX: 20.12.2019 | V.O.S.E. | TP

*Proxima* (2019, 107')

**Dirección:** Alice Winocour

**Guión:** Jean-Stéphane Bron, Alice Winocour

**Elenco:** Eva Green, Matt Dillon, Lars Eidinger, Sandra Hüller, Jan Oliver Schroeder, Nancy Tate, Marc Fischer, Zélie Boulant, Alexey Fateev, Vitaly Jay, Birger Frehse

**Son:** Valérie Deloof

**Fotografía:** Georges Lechaptois

**Montaxe:** Julien Lacheray

**Dirección de arte:** Anja Fromm

**Vestuario:** Pascaline Chavanne, Fanny Rappange

**Música:** Ryuichi Sakamoto

**Produtora:** Dharamsala, Pandora Films (Francia)

**Distribuidora:** Syldavia Cinema

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Francés, inglés, ruso, alemán

## PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2019 (Premio Especial do Xurado, Premio SIGNIS), Toronto 2019 (Mención Especial Premio Platform)

## FILMOGRAFÍA

*Disorder (El Protector)*, 2015

*Augustine*, 2012

*Pina Colada*, 2009 [curtametraxe]

*Magic Paris*, 2007 [curtametraxe]

*Kitchen*, 2005 [curtametraxe]

## SINOPSE

Sarah é unha astronauta francesa que se adestra na Axencia Espacial Europea en Colonia. É a única muller dentro do esixente programa. Vive soa con Stella, a súa filla de sete anos. Sarah séntese culpábel por non poder pasar máis tempo coa nena. O seu amor é abrumador, inquietante. Cando Sarah é elixida para formar parte da tripulación dunha misión espacial dun ano de duración chamada Proxima, prodúcese o caos na relación entre nai e filla.

«Una exploración perspicaz, emocionante e crítica das dificultades reais das mulleres para conciliar. Cun realismo delicado e elegante»

Desirée de Fez, FOTOGRAMAS



Filme especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero



## “Non hai nada máis humano e fráxil que un astronauta”

Entrevista con Alice Winocour

### Por que escolleches como protagonista unha muller astronauta?

O meu desexo principal era mostrar unha muller que fose super-heróina e nai no mesmo corpo. O cinema adoita non representar estas dúas situacións ao mesmo tempo e no mesmo corpo, como se as nocións de nai e heroína fosen incompatíbeis. A super-heróinas son sempre liberadas de cuestións cotiáns adoito asociadas á feminidade. Unha muller da NASA díxome que a súa mellor escola para mellorar como astronauta foi ser nai, porque unha nai ten que desenvolver diversas tarefas ao mesmo tempo. Unha adestradora da Axencia Espacial Europea confesoume que os homes astronautas adoitan falar con orgullo das súas crianzas namentres as mulleres teñen máis tendencia a agochar que son nais, como se fose un descrédito. Hai unha certa idea dominante, que é unha construción social, segundo a cal a responsabilidade dos coidados dun neno é fundamentalmente da nai.

Mostrar que unha muller pode, ao tempo, ser nai e profesional de primeiro nivel é unha das reivindicacións feministas que sostén a película.

**Viches películas sobre o espazo exterior para tentar ofrecer algo diferente?** Cando afronto un tema tento polo xeral ver todos os filmes antes realizados. Pero no que respecta ao espazo exterior o cinema americano saturou por completo o terreo. En *Próxima* traballamos coa axuda da Axencia Espacial Europea e obtivemos a súa axuda para poder gravar nos lugares reais onde se adestran astronautas de todo o mundo para despegar. Non hai por tanto ningún decorado recreado. Todos os espazos son reais, desde os cuartos dos astronautas ao edificio no que viven en Star City nunha inmersión total.

Nos filmes de Hollywood o astronauta ten unha condición case sobrehumana. Porén, no meu traballo para *Próxima* constatee que non hai nada máis humano e fráxil que os astronautas. Enfrontarse ao espazo é experimentar a fragilidade humana e tomar constancia de até que punto estamos ligados á terra. Eles son quen de reparar en todas aquelas cousas ás que non prestamos atención no día a día: o ruído do vento nas árbores, o canto dos paxaros, o cheiro da natureza... Neste sentido quería que o filme fose unha celebración da terra.

**O filme mostra o machismo ordinario no seu medio espacial.** Estas escenas poderían semellar caricaturescas pero son fieis á realidade que me contaron as propias astronautas. É un mundo moi masculino pensado por e para os homes. O filme rende homenaxe ás mulleres que teñen que conciliar, un aspecto que chega ao extrema no caso da conquista do espazo.

**Próxima é un filme máis terreal ca espacial. O filme mostra, por exemplo, as probas físicas que sofren os corpos dos astronautas.** En todos os meus filmes a relación co corpo é central. Quería mostrar a relación nai-filla na súa dimensión carnal, por exemplo na escena na que están na piscina que lembra ao líquido amniótico. Ademais, quería mostrar que o corpo humano non está feito para vivir lonxe da Terra. No espazo medramos entre 10 e 15 centímetros, os bronquios non están pensados para esas alturas. Estes adestramentos intensivos entroncan cos aspectos documentais que me obsesionan como cineasta: o corpo como coelliño de indias, o atados que estamos ás máquinas, as centrifugadoras. É unha mutación do corpo como o que está en xogo no cinema de Cronenberg. Sara (Eva Green) debe separarse da terra pero tamén do seu corpo terráqueo normal. Ten que se converter nunha persoa espacial. Cando toman medidas do seu corpo para moldear o seu asento no foguete transmitimos a idea dunha criatura espacial, mutante.

Publicado en [cameo-nancy.fr](http://cameo-nancy.fr)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### A directora

Alice Winocour (París, 1976) estuda cinema na prestixiosa escola de La Fémis. Iníciase na curtametraxe con *Kitchen*, premiada en Cannes 2005. Como guionista escribe o texto de *Casa* (Ursula Meier, 2008), *Ordinary People* (Vladimir Perišić, 2009) e a exitosa *Mustang* (2014) canda Deniz Gamze Ergüven. A súa primeira longa, *Augustine* (2012) foi seleccionada na Semaine de la Critique de Cannes 2012 namentres *El protector* competiu en Un Certain Regard de Cannes e no Festival de Toronto 2015.

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)



## AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.  
[#eusondenamax](https://twitter.com/eusondenamax)